

Capela de San Salvador

020039

Datos de Localización

Capela

Nomenclator: 3201201
Coord. UTM: X: 600057
Y: 4649241
Concello: Os Blancos
Parroquia: AGUÍS
Lugar: Mosteiro, O
Tipoloxía: Arquitectura Relixiosa
Tipo: Capelas
Subtipo: Capela



Denominación: Capela de San Salvador
Etaapa Histórica: Idade Media
Estilo relevante Románico

Outros Estilos:

Descrición:

Ubícase no lugar coñecido como O Curro. Trátase dunha edificación de planta rectangular realizada en perpiaño. Encóntrase semiderruída e abandonada. A cuberta desapareceu na súa totalidade.

Na fachada principal consérvanse a xamba dereita e parte do arranque do arco. Nos laterais os paramentos aparecen coroados por unha cornixa. No muro lateral esquerdo apréciase unha ruptura constructiva: ao paramento orixinal adosouse un muro de cachotería con cornixa plana. Nas súas inmediacións aparecen restos do seu propio derrubamento.

Segundo os veciños, nesa capela oraban uns frailes ou/e monxas que vivían nas vivendas próximas. Ao reformar algunhas destas casas apareceron tumbas con restos humanos, algunhas con vestimentas eclesiásticas. Haberá uns setenta anos, habitou nela unha familia xunto cos seus animais, xa que atravesaban unha situación precaria. Finalmente pasou a palleira. Na actualidade atópase abandonada. Haberá uns catro anos roubaron a portada da entrada.

Na ficha do xacemento da Aira do curro/Capela de San Salvador do Inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia, coa clave de identificación: GA32012005, aparece unha foto da capela antes de sufrir o roubo da portada.

Cítase no Libro de Fábrica 4.2.13, no fol 7v. 1679. Visita. "Ay tres hermitas una de san juan y otra de San Antonio y otra de San Salvador".

DOCUMENTACIÓN:

-A.H.D.OU.

AGUÍS, San Martiño.

4.2.13. Libro de Fábrica (1682-1769).

Características Construtivas

Plantas: Baixa

Edif. Anexas:**Mat. Fachada:** Granito**Mat. Estrutura:** Granito**Mat. Cuberta:****Elementos singulare****Construtivos:****Decorativos:****Delimitación do Ben e da contorna****Situación:** Outros**Area de Protección:****Protección****Tipo de ben:** Sen rexistrar**Proposta de tipo de ben:** Inventariado**Estado de Tramitación:****Nivel de Protección Arq.:** Sen protección**Proposta Nivel de Protección Arq.** Integral**Grao de Protección Arq.:** ----**Proposta Grao de Protección Arq.** ----**Xustificación da Protección:****Titularidade****Polígono:****Parcela:****Conservación-Intervención****Estado de Conservació** Malo**Uso Actual:** Sen uso**Alteracións Morfolóxicas****Tipo:** Morfolóxicas**Data:** 2004**Descrición:** Roubo da portada con arco de medio punto situada na fachada.**Proxecto:****Axentes:****Observacións:** A cuberta afundiou haberá uns corenta anos.

Bens Mobles









